

CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA CORPORACIÓN
CELEBRADA POLO PLENO O 6 DE MAIO DE 2021**

ASISTENTES:

PRESIDENTA

María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María Del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)


D. José Antonio Uhía Martínez (CxG)

D. José Manuel Quintela Fernández,(CxG)

D^a María Lago Lestón (BNG)

D^a Paula Simal Mayo (BNG)

INTERVENTOR



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

D. Fernando Vicente Abrales Rois

SECRETARIA XERAL

D^a María Ofir Aboy García

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as dezanove horas do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria, asistidos de min, a secretaria xeral do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Sra. alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

Único. Aprobación inicial do Orzamento municipal, das Bases de execución do orzamento e do cadro de persoal para o ano 2021 (conxuntamente co recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2021)


Intervén a alcaldesa da corporación, dona Inés Monteagudo Romero, que le o ditame da comisión informativa correspondente e que é do seguinte teor literal:

“DITAME

Aprobación inicial do Orzamento municipal, das Bases de execución do orzamento e do cadro de persoal para o ano 2021 (conxuntamente co recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2021).

Formado pola Alcaldía o Proxecto de Orzamento municipal do 2021 e as súas Bases de Execución e contendo a documentación exixida polo artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en concordancia co 18 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Incluídos nos créditos iniciais do estado de gastos como recoñecemento extraxudicial por gastos realizados en exercicios anteriores sen consignación orzamentaria por importe de



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

928,52 euros, e considerando a doutrina xurisprudencial do enriquecemento inxusto recollida na sentenza do 12 de decembro de 2012 da sala do contencioso-administrativo do Tribunal Supremo.

Elaborado o cadro de persoal de acordo co establecido no artigo 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, e na disposicións transitoria segunda do RD 861/1986, do 25 de abril.


Sometido o capítulo 1 de gastos de persoal á negociación preceptiva ante a Mesa de Negociación do Concello de Muros na sesión celebrada o 21/04/2021, de conformidade coa xurisprudencia do Tribunal Supremo e co establecido nos artigos 33 e 37 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Formulada a memoria da Alcaldía que contén as modificacións máis importantes respecto do orzamento vixente no ano 2020.

Emitido, ao amparo do establecido no artigo 168.1.e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, informe económico–financeiro de Intervención núm. 80/2021 do 19/04, no que expoñen as bases empregadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

Emitido o informe de Intervención núm. 81/2021 do 16/04 ao amparo do disposto no artigo 4.1. do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional, así como o informe núm.82/2021, do 26/04 sobre a avaliación do cumprimento do principio de estabilidade.

Formulado pola Intervención municipal reparo suspensivo da tramitación do expediente do 26/04/2021 en relación co recoñecemento extraxudicial de créditos contido no proxecto do orzamento.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Apreciada, unha vez emitidos os informes preceptivos, unha incorrecta imputación no estado de ingresos por importe de 50.000,00 euros correspondentes ao canon de concesión do abastecemento de auga á empresa Espina y Delfín.

Formulada a proposta da Alcaldía de conformidade co disposto no artigo 124.2. do RD 2568/1986, do 28 de novembro, en relación co artigo 168.4 do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, ante a comisión informativa de persoal, economía e facenda.


Elévase ao Pleno da corporación o seguinte ditame:

PRIMEIRO. Aprobar o límite do gasto non financeiro para o exercicio 2021 (teito do gasto), quedando fixado en 7.737.078,33 euros.

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o Orzamento xeral do Concello de Muros (A Coruña) e as súas bases de execución para o exercicio 2021, sen déficit nin superávit inicial, sendo os seus Estados de Gastos e Ingresos resumidos por capítulos os seguintes:

ESTADO DE GASTOS


Capítulo	Expresión	Crédito Inicial (€)
1	Gastos de persoal	3.968.148,43
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.758.038,75
3	Gastos financeiros	50.641,19
4	Transferencias correntes	899.965,82



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


	Total operacións correntes	6.676.794,19
6	Investimentos reais	1.060.284,14
7	Transferencias de capital	0,00
	Total operacións de capital	1.060.284,14
	Total operacións non financeiras	7.737.078,33
8	Activos financeiros	12.000,00
9	Pasívos financeiros	83.215,09
	Total operacións financeiras	95.215,09
	TOTAL ESTADO DE GASTOS	7.832.293,42

ESTADO DE INGRESOS



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Capítulo	Expresión	Crédito Inicial (€)
1	Impostos directos	2.088.925,68
2	Impostos indirectos	100.000,00
3	Taxas e outros ingresos	897.797,28
4	Transferencias correntes	3.730.058,34
5	Ingresos patrimoniais	8.800,68
	Total operacións correntes	6.825.581,98
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	722.340,10
	Total operacións de capital	722.340,10




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

	Total operacións non financeiras	7.547.922,08
8	Activos financeiros	12.000,00
9	Pasívos financeiros	272.371,34
	Total operacións financeiras	284.371,34
	TOTAL ESTADO DE INGRESOS	7.832.293,42

TERCEIRO. Co obxecto de manter a integridade dos estado de gastos e ingreso do proxecto do orzamento municipal para o ano 2021 e non demorar a súa aprobación, na aplicación 420.80 do estado de ingresos deben entenderse incluídos recursos derivados da reclamación do canon de concesión do abastecemento de auga a empresa Espina y Delfín por importe de 50.000,00 euros, procedendo a súa imputación no capítulo 5 dos dereitos recoñecidos que eventualmente se liquiden.


CUARTO. De acordo co disposto no artigo 21.6. do RD 500/1990, do 20 de abril, anular, por estar incluídas nos créditos e previsións iniciais do Orzamento municipal do 2021, as seguintes modificacións orzamentarias realizadas sobre o Orzamento do 2015 prorrogado:

Tipo de modificación	Nº expediente	Finalidade	Importe
Xeración de créditos	7-1/2020-XC	Dotación ano 2021. Obras Camiño	15.692,50



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

<i>Tipo de modificación</i>	<i>Nº expediente</i>	<i>Finalidade</i>	<i>Importe</i>
		<i>Matobello -Serres</i>	
<i>Xeración de créditos</i>	<i>7-3/2021-XC</i>	<i>Posta en valor zonas Monte e Lagoa de Louro</i>	<i>1.395,00</i>
<i>Xeración de créditos</i>	<i>7-4/2021-XC</i>	<i>Programa de integración laboral PEL-Concellos 2021</i>	<i>92.000,00</i>
<i>Xeración de créditos</i>	<i>7-5/2021-XC</i>	<i>Acondicionamento do aparcadoiro público rúa do Cabo</i>	<i>45.015,90</i>
		<i>Total xeracións de crédito</i>	<i>154.103,44</i>
<i>Transfer. de crédito</i>	<i>7-1/2021-TC</i>	<i>Rehabilitación do antigo cine París para C.Cultural 1ª</i>	<i>24.610,36</i>
<i>Transfer. de crédito</i>	<i>7-3/2021-TC</i>	<i>Fomento do emprego subvencións autónomos</i>	<i>50.000,00</i>




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Transfer. de crédito	7-4/2021-TC	Gastos financeiros por execución de sentenzas	12.480,00
Transfer. de crédito	7-5/2021-TC	Contratación persoal laboral temporal SAF	37.787,01
Transfer. de crédito	7-6/2021-TC	Dotación para o expediente 1/2021 de R.E.C.	2.294,16
		Total transferencias de crédito	127.171,53
		Total modificacións de crédito a anular	281.274,97

QUINTO. De conformidade co establecido no artigo 73.3. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, aprobar con cargo ao crédito inicial da aplicación 21/912.48900 unha dotación económica anual para os distintos grupos políticos por importe de 8.800,00 euros con arranxo á seguinte distribución:

Grupo político	Nº Concelleiros/as	Parte fixa € (40 %)	Parte variable € (60 %)	Total asignación económica
PP	4	880,00	1.624,62	2.504,62



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

PSdeG/PSOE	4	880,00	1.624,62	2.504,62
CxG	3	880,00	1.218,46	2.098,46
BNG	2	880,00	812,30	1.692,30
TOTAL.....	13	3.520,00	5.280,00	8.800,00


A disposición, xestión, destino e xustificación das anteriores cantidades sométense ás normas previstas na Base 40ª das Bases de execución do orzamento.

SEXTO. Resolver o reparo formulado pola Intervención municipal do 26/04/2021, deixando sen efecto o seu carácter suspensivo, e por conseguinte, aprobar o expediente núm. 2/2021 de recoñecemento extraxudicial de créditos incluído no Orzamento municipal do 2021, recoñecer obrigas a favor do seguinte terceiro acredor e aprobar a seguinte liquidación.

- Liquidación núm. 1172 do 27/02/2020 emitida polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar (CIF S1500072B) por importe de 928,52 euros en concepto de achega municipal ao servizo de Xantar na Casa do período outubro/décembro do 2020.

Condicionar a eficacia deste punto á existencia de dotación orzamentaria adecuada e suficiente, e por conseguinte, a executividade do acordo de aprobación do Orzamento municipal para o ano 2021.

SÉTIMO. Aprobar o cadro de persoal, do exercicio 2021, tramitado conxuntamente co Orzamento municipal.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

OITAVO. De conformidade co disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo, 2/2004, do 5 de marzo, proceder á exposición pública deste acordo por un prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales as persoas interesadas poderán examinar o expediente e formular ante o Pleno as reclamacións que estimen oportunas.


NOVENO. Este acordo entenderase definitivamente aprobado no caso de non formularse reclamacións durante o prazo de exposición pública. En caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas. O acordo definitivo entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOP."

Continúa a señora alcaldesa, dona Inés Monteagudo Romero a súa intervención dicindo o seguinte:

"Na miña toma de posesión como alcaldesa no ano 2019 dicía que para min, para nós, sería un fracaso que entre todos e todas non puideramos sacar adiante os acordos que Muros necesita e precisa, dicía tamén que estaba segura de que tódolos concelleiros desta corporación estarían á altura do que demanda a veciñanza, por responsabilidade, polo afecto que todos temos polo noso pobo, porque estamos aquí para iso, e porque é a tarefa que nos encomendou a nosa veciñanza.

Un dos acordos que este concello necesita, como se ten reclamado neste Pleno de forma reiterada, é un orzamento. Como por todos e todas é sabido, levamos seis anos cun orzamento prorrogado, unha situación, que dende o noso punto de vista, non se pode alongar por máis tempo, está prexudicando ao noso concello, que está perdendo oportunidades de acceder a fondos públicos pola especial dificultade que supón a tramitación orzamentaria precisa para chegar a tempo ás distintas convocatorias de axudas entre outras cousas, e está prexudicando á nosa veciñanza, que vén como calquera convocatoria de axudas ou subvencións, calquera pagamento, calquera bonificación complícase enormemente e fai que se alonguen os prazos de tramitación.

Por poñervos un exemplo que dá conta do desfase do documento que agora manexamos, cando se fixo o orzamento do 2015, nin sequera existía a Lei de contratos do sector público.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Afrontamos unha situación moi complicada, vimos de catorce meses de pandemia, cunha crise sanitaria, social, laboral e económica da que aínda non vemos o final.

Non, Sra. Alfonso, nin a nós nin a ninguén lle vén ben a pandemia. Atravesamos nestes meses momentos moi duros, socialmente e persoalmente tamén, tendo que tomar decisións que afectaban a moita xente no seu día a día, buscando solucións para problemas novos e inesperados, para os que non había ningún precedente, e en moitos casos ningunha pauta, ningunha instrución. Tratando de facelo o mellor posible, preocupándonos porque quen o necesitara tivera asistencia, por axudar a particulares e empresarios nas moitas e variadas incidencias que sufriron nas súas vidas, nas súas casas e nos seus negocios, pola seguridade e saúde da veciñanza, e tamén dos/as traballadores/as municipais, e aínda así, loitamos por sacar adiante as moitas cousas que topamos sen facer: obras, xestión de persoal, tarefas de mantemento e de mellora, limpeza, adecuacións de espazos...


Nunca imaxinamos que a decisión e a valentía que prometiamos en xuño do 2019 ía a ser tan necesaria, tan decisiva tamén, e incluso nalgunha ocasión o único recurso do que puidemos dispoñer.

O documento que presentamos para a súa aprobación non é o ideal nin o que a nós nos gustaría presentar, pero é o mellor que se puido facer na situación e circunstancias actuais, na que á complicada situación que arrastramos de atrás se suma a crise sanitaria e as súas consecuencias. Este documento pretende abrir vías para solucionar algúns dos graves problemas que temos que afrontar:

A crise que se nos ven enriba, con sectores de poboación que poden quedar desamparados e sen asistencia.

A xestión de persoal, cun número moi elevado de asuntos xudicializados, con numerosas sentenzas das que nin sequera había constancia no rexistro municipal, e por suposto, sen executar, e cunha débeda crecente que pode chegar a facer inviable a prestación de determinados servizos, como ten advertido en varias ocasións a Intervención.

A xestión dos investimentos: á nosa chegada ao goberno arrastrábase unha demora moi importante na execución dos diversos plans de obras da Deputación, e temos constancia de



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


que o anterior goberno chegou a perder en varias ocasións o financiamento de proxectos por non ser capaces de executalos e xustificalos en prazo.

Trátase dun documento que pretende crear unha estrutura do gasto realista e acorde coas posibilidades e necesidades do concello como administración local. Un documento que recolle os acordos que se acadaron neste pleno en canto aos investimentos, un documento no que participamos todos, porque o que aquí se recolle son os proxectos que se aprobaron.

Aquí teño que facer un inciso necesario, posto que nestes meses tan duros houbo nesta corporación quen tratou de sacar vantaxe política da situación, pero tamén houbo quen se brindou a apoiar as propostas que fixeron posible que a xestión municipal non se paralizara, e apoiou, co seu voto ou a súa abstención, as decisións do grupo de goberno, nas que, tamén é certo, se incorporaron algunhas das súas propostas. Así que, independentemente do que pase hoxe, queremos deixar constancia do noso recoñecemento ao grupo socialista e a súa portavoz pola súa mostra de responsabilidade e altura política nun momento non que é tan necesaria.

Atopámonos sen executar, e en moitos casos sin sequera iniciar a licitación, gran parte das obras correspondentes aos exercicios 2017 e 2018. Neste ano e 10 meses levamos executadas obras por máis de un millón e medio de euros: melloras en camiños (Rateira, Vistavós, Agra da Filgueira, Pallagueira...), melloras hidráulicas (Chalón, San Ramón, Freixeiros, Arriba e Avesada...), a tan esperada rehabilitación do Cine París, conseguimos o compromiso da Consellería de Educación para facer unha rehabilitación integral do colexio Ramón de Artaza... E aínda así o traballo por facer é enorme. Un traballo que se ve complicado pola falta dun orzamento actualizado, e que engade un plus de complexidade e carga burocrática aos procesos administrativos.

Ademais a ausencia dun orzamento actualizado impide ter unha visión de conxunto actualizada da situación económico-financeira, e por conseguinte fai moi difícil a adopción de medidas atinadas que permitan garantir o principio de boa xestión das finanzas públicas locais. Non obstante, o noso concello ten puntos fortes que deben ser explorados no futuro inmediato para volver a senda da consolidación fiscal, garantir a calidade na prestación dos servizos e aumentar, se isto fora posible, os que actualmente están sendo prestados.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


A suspensión das regras fiscais aprobada recentemente polo Congreso de Deputados ata o ano 2022, abre unha paréntese nas esixencias de consolidación que poden facilitar o reequilibrio da facenda local.

O proxecto de Orzamento municipal de 2021, como non podía ser de outro xeito, inclúe importantes cambios respecto do vixente no exercicio 2015. A súa elaboración, partindo do cálculo dende cero de todos e cada un dos gastos e da actualización das previsións iniciais de ingresos, constitúe unha radiografía axustada a realidade e un marco de partida para a elaboración dos orzamentos dos anos futuros.

En canto ao estado de gastos debemos destacar as seguintes dotacións, en porcentaxe o destino dos gastos: servizos públicos básicos o 37%, actuacións de carácter xeral o 22,37%, actuacións de protección e promoción social o 14,42%, e o resto en produción de bens públicos de carácter preferente e actuacións de carácter económico.

No capítulo de gastos de persoal recóllense a totalidade dos postos de traballo de persoal funcionario e laboral fixo e temporal indefinido non fixo ou estrutural coas retribucións actualizadas. En dous casos aumentáanse as retribucións para equiparalos aos postos de traballo fixos comparables. Dótanse as prazas do persoal que accede á xubilación coa pretensión de cubrilas. O cadro de persoal do GES ve incrementada a súa retribución por aplicación do grupo III de categoría profesional que xa fora recoñecida no cadro do ano 2015, pero sin que dito recoñecemento tivese reflexo orzamentario ao longo destes exercicios, consolidándose polo tanto, e atendendo así a unha reivindicación do grupo socialista que foi unha constante nestes meses. Tamén o cadro de persoal do SAF tamén ve estabilizada a súa situación, xa que como consecuencia de sucesivas e múltiples sentenzas xudiciais firmes da xurisdición social, o cadro de persoal laboral fixo vese incrementado ca dotación de catro postos de traballo temporais declarados como fixos. Quedan aínda varias sentenzas por executar neste sentido, e unha vez sexan firmes, procederemos a cumprilas.

Dótanse os créditos para atender a execución de sentenzas xudiciais firmes cuxo crédito foi recoñecido na sesión do Pleno celebrada o 25 de marzo do 202, tamén se dota unha partida de "Imprevistos, situacións transitorias e continxencias de execución".



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


Dótanse os créditos necesarios para a realización de horas extras, gratificacións por servizos extraordinarios, produtividade, dietas por comisión de servizos, por asistencia a sesión dos órganos colexiados e gastos de locomoción, que sempre dan problemas para pagarse como podemos comprobar en plenos anteriores. Tamén se incrementa o Fondo social.

Gustárame aquí facer unha mención en especial aos/ás traballadores/as públicos/as deste concello que durante tantos meses de loita contra a pandemia estiveron en primeira liña: o persoal do servizo de axuda a domicilio, as traballadoras de servizos sociais, a policía local, o ges, a brigada de obras, o servizo de limpeza, a todo o persoal de administración xeral, aos traballadores que se brindaron a botar unha man no que fixera falta... Aquí a administración non parou en ningún momento, e eso foi posible grazas a eles.

No capítulo 2 de gastos en bens correntes e servizos créditos totais iniciais van permitir a imputación a orzamento da totalidade dos gastos do exercicio, polo que previsiblemente se verán reducidos os gastos realizados sen dotación orzamentaria. En conxunto aumentan non 2,00 % respecto das obrigas recoñecidas no ano anterior. Tendo en conta o resultado provisional do remanente de Tesourería para gastos xerais deducido do exercicio 2020, os gastos realizados en exercicios anteriores sen dotación orzamentaria financiaranse con cargo ao superávit sen que se resintan as dotacións iniciais do ano 2021.

As dotacións previstas no capítulo 3 de gastos financeiros e 9 de pasivos financeiros contemplan os créditos necesarios para o pago dos xuros e cotas de amortización das operacións vixentes a longo prazo, así como os xuros previstos durante o prazo de carencia da operación proxectada no orzamento.

En concepto de transferencias correntes do capítulo 4, a dotación ascende a 899.965,82 euros. Deste importe destínanse a concesión de subvencións directas, por concorrencia competitiva ou concursos o 10,04 %. O 4,49 % corresponde a subvencións nominativas e o resto na porcentaxe de 85,47 % destínase a transferencias a outras Administracións públicas ou entidades que agrupan a entidades municipais. Neste capítulo destaca a dotación a Mancomunidade de Municipios da Serra da Barbanza que representa o 60,44 % do total. Figuran tamén consignadas as apartacións municipais para os servizos da Escola Infantil, Centro de Día e Xantar na Casa, que nos últimos exercicios, por falta de crédito



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

inicial, deu lugar a pagos realizados sen dotación mediante compensación de débedas con cargos aos recursos procedentes do Fondo de Cooperación Local.


No capítulo 6 de investimentos reais, a consignación ascende a 1.060.284,14 euros, e a previsión total dos créditos definitivos elévanse, incluídas as incorporacións remanentes obrigatorias, a 1.898.596,26 euros. No anexo de investimentos recóllense as obras adjudicadas no exercicio anterior así como as incluídas no POS + 2021, as melloras en infraestruturas hidráulicas en San Ramón, Valdexería, Camiño Real, Abelleira, actuacións no pavillón e campo de fútbol de Muros, aparcadoiro do Cabo, actuacións en rede natura, camiños de Matobello, Ventosos, Tras da Costa, rúas en Louro, rúa Real, actuacións no parque empresarial, e na escola de Portugalete. Sistemáticamente as adjudicacións das obras municipais realízanse sen contar ca dotación adicional para as obras complementarias do 10 % previsto na Lei contratos do sector público, sendo outra das causas que da orixe a gastos realizados sen dotación orzamentaria. No Orzamento o 2021, contéplanse créditos iniciais para esta finalidade por importe de 83.601,18 euros, rompendo así con esta tendencia.

Finalmente no capítulo 8 de activos financeiros, en aplicación do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Muros e do Convenio do persoal laboral, dótanse créditos iniciais por importe de 12.000,00 euros para a concesión de préstamos ao persoal sen intereses a curto e longo prazo.

No estado de ingresos as previsións iniciais de maior relevancia son as seguintes:

A previsión inicial dos impostos directos (IBI, IAE, IVTM e IIVTNU) ascende a 2.088.925,68 euros, o que supón un aumento estimado do 2,3 % sobre os dereitos recoñecidos netos do exercicio 2020.

A capacidade recadatoria do imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), estímase en 100.000,00 euros tendo en conta que están pendentes de liquidar cotas por importe superior aos 44 mil euros e que é previsible un aumento da actividade construtiva ao longo do ano como consecuencia do fluxo de fondos da Unión Europea para a rehabilitación de edificios e mellora da eficiencia enerxética.




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

En canto ás taxas e outros ingresos do capítulo 3, cabe destacar as previsións da taxa de recollida de lixo que se fixa na contía do padrón do ano 2020 en xestión de cobro no 2021. A taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios contempla un aumento do 5,05 por 100 respecto do ano anterior. As taxas por utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións fíxanse no importe dos dereitos recoñecidos netos do exercicio 2020. O prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia recolle un aumento do 8,10 % respecto do ano pasado baixo a consideración de que se vaia producindo unha certa normalidade nas apartacións dos usuarios unha vez que vaia cedendo a crise sanitaria. Os rendementos estimados do prezo público pola prestación do servizo da piscina municipal fíxanse na mesma contía que os dereitos liquidados no exercicio 2019, tendo en conta que está volvendo a normalidade o uso das instalacións.

As previsións iniciais totais por transferencias correntes ascenden a 3.730.058,34 euros, dos cales o 47,65 % corresponde a Participación Municipal nos Ingresos do Estado, o 11,43 % ao Fondo de Cooperación Local da Comunidade Autónoma, o 10,74 % a outras transferencias do estado, ben sexan procedentes dos Fondos Europeos como ven reiteradamente reclamando tanto a FEGAMP como a Femp, ou ben da devolución do IVE pendente, tamén reclamada reiteradamente por estes organismos. No exercicio 2020 os ingresos realizados por este concepto foron de 3.974.380,40 euros, e supuxeron o 53,81% dos ingresos. A previsión para este exercicio é que os ingresos por transferencias correntes supoña o 47,62%, inferior polo tanto á do ano pasado.

No capítulo 5 de ingresos patrimoniais recóllense os rendementos producidos polo arrendamento do Cámping A Vouga e do Centro Social de Louro acadando unha previsión inicial de 8.800,68 euros. Neste capítulo haberá que concretar as xestións que se fagan coa Mancomunidade da Auga Muros-Carnota, respecto da concesionaria Espina&Delfin, neste momento a súa Presidencia osténtaa o Concello de Carnota, que se comprometeu a facer as xestións necesarias para que se retome este asunto, fíxose aquí unha previsión de ingreso de 50.000 euros na confianza de que as xestións postas en marcha pola actual presidencia dean froito, e se vaia normalizando a situación.

As transferencias de capital do capítulo 7 ascenden a 722.340,10 euros, a maioría correspóndense coas obras do plan único da Deputación.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

En canto aos activos e pasivos financeiros, dos capítulos 8 e 9 de ingresos reflicten, respectivamente, unha previsión inicial de 12.000,00 euros en concepto de devolucions de anticipos sen intereses ao persoal a curto e longo prazo, e de 272.371,34 euros procedentes da operación de préstamo a concertar no exercicio para financiar investimentos do 2021.

Con carácter xeral o Orzamento apróbase sen déficit inicial en virtude do citado artigo 165.4. do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

As Bases de Execución do Orzamento desenvolven detalladamente os procedementos de xestión de gastos e establecen normas xerais sobre liquidación de dereitos e fiscalización de actos de contido económico –patrimonial, así como normas de control e fiscalización.


O documento articulado está integra por 107 bases, tres disposicións adicionais, unha disposición final e unha transitoria e polo seu detalle e concreción, constitúe unha guía dos procedementos de contido económico, actualizada ás disposicións vixentes en materia de estabilidade e sostibilidade financeira e de réxime xurídico do control interno das entidades que integran o sector público local.

O título I recolle normas xerais, desenvolvéndose en dous capítulos. O primeiro sobre principios xerais e ámbito de aplicación e o segundo sobre a estrutura orzamentaria, situación dos créditos e niveis de vinculación xurídica.

O título II desenvolve os procedementos de modificación de crédito e de prórroga automática interina no exercicio seguinte.

No título III recóllense as normas sobre execución e liquidación do Orzamento xeral estruturándose en tres capítulos. O capítulo primeiro define e delimita o principio de anualidade, e as fases de xestión do gasto. No capítulo segundo, desenvolve o contido específico das fases de xestión do gasto. Finalmente o capítulo terceiro recolle normas sobre loita contra a morosidade e a execución do pago.

Os procedementos de xestión recóllense no título IV subdividido en tres capítulo. O primeiro destínase a normas sobre gastos de persoal. O capítulo segundo recolle procedementos en materia de subvencions. E por último, o capítulo terceiro desenvolve normas en materia de



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


contratación. As normas de procedemento do pago material, pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa recóllense no capítulo V, incluíndo un capítulo específico para cada modalidade de pago. No título VI sobre as operacións de crédito, contempla normas para a concertación de operacións de tesourería e operacións de préstamo ou crédito. O título VII destínase a normas de execución do Orzamento de ingresos. No capítulo primeiro desenvólvense procedementos de liquidación de ingresos tributarios. No capítulo segundo regúlase a xestión de outros créditos non tributarios. Os capítulos terceiro e cuarto destínanse, respectivamente, a regulación da recadación e a depuración de saldos de dereitos e obrigas de exercicios pechados.

A Tesourería municipal desenvólvese no título VIII. As normas de contabilidade inclúense no título VIII a través de tres capítulos. O capítulo primeiro sobre normas xerais. No capítulo segundo recóllense normas sobre a liquidación do Orzamento. Por último o capítulo terceiro establécense normas sobre información periódica ao Pleno. No título IX destínase a desenvolver as normas de control e fiscalización, adaptadas ao RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local. As tres disposicións adicionais, fixan a contía dos bens declarados inútiles, a modificación e aprobación de modelos normalizados e a medida de inexecución do gasto aos efectos da aplicación das regras fiscais. A disposición transitoria establece un período transitorio de implantación dos procedementos de control adaptados ao RD 424/2017, do 28 de abril. Por último a disposición final fixa o marco de interpretación das bases. Como documentos anexos axúntase un total de 12 modelos normalizados de xestión adaptados ao contido do texto articulado.

O documento acompáñase cos informes preceptivos de Intervención, nos que se valoran positivamente as cifras e datos incorporados, cunha excepción, xa que se considera que hai unha sobrevaloración de ingresos equivalentes ao 6,42% do orzamento de ingresos. Esta sobrevaloración está dende o noso punto de vista xustificada á vista do resultado orzamentario do último exercicio e da suspensión das regras de gasto.

E ata aquí un resumo das máis de 500 páxinas do documento e os seus anexos”.

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira dona Caridad González Cerviño que di o seguinte:




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

“Que están a celebrar un Pleno extraordinario onde o único punto da orde do día é unha proposta de orzamento para o ano 2021. Di que agradecen ao grupo de goberno que contasen co PSOE para a elaboración deste orzamento, que por certo, non se tiña aprobado outro dende o que deixaron aprobado eles fai seis anos e que tamén por certo todos o presupostos aprobados no Concello de Muros dende a democracia foron presentados e aprobados polo grupo PSOE, nin o PP nin o BNG nin CXG, trouxeron ningún orzamento para o seu estudo e aprobación, este sería o primeiro polo que os felicitamos. Na actualidade o Concello de Muros está gobernado polo PP, con só 4 concelleiros de 13, formando un goberno moi débil, e dadas esas circunstancias a única opción de poder gobernar de forma efectiva, é o diálogo cos grupos da oposición, opción que entendeu este grupo de goberno, e que así o esta facendo, polo ben de todos e todas.

Indica que no PSOE de Muros desexan que a veciñanza vexan a nosa vila prosperar e para iso é necesario chegar a acordos co goberno municipal, sen prexuízo de realizar o noso labor de oposición de forma totalmente leal ás súas conviccións políticas, facendo propostas ao goberno municipal como neste caso para a formación dos orzamentos que aquí se presentan. Desafortunadamente, este orzamento non sería o que eles quixeran presentar, pero do estudo da situación económica do concello, que vén dun goberno de CXG, un goberno, caprichoso, totalmente desafortunado, e que o único que fixo durante catro anos foi gobernar de forma totalmente ditatorial, sen falar con ninguén, un goberno baseado nas mentiras e tomando decisións que non beneficiaron ao concello para nada, e a consecuencia inmediata foi esta situación que vai custar a todos e todas retomala.

O goberno de CXG desmantelou economicamente as contas do concello, renunciando a subvencións, tendo que devolver outras, pola súa incapacidade para xestionalas, deixou desmantelada a cuadrilla de obras, a policía local, deixou sen contrato de subministración de auga, e o que é peor deixou con máis de corenta procedementos xudiciais, todos eles perdidos, por reclamacións de distinta índole dos/as traballadores/as do concello, por negarse a falar con eles e atender ás súas reivindicacións sobre os seus dereitos, onde ademais de ter que abonar as súas peticións temos que abonar gastos de procedemento, como avogados e procuradores de ambas as partes, debendo reservar unha partida para liquidar todos estes gastos, que poderíamos investir en obras ou melloras para o concello, e




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

á vista desta situación cada día entendemos mellor porque foron expulsados do goberno polos seus antigos socios do BNG.

Así as cousas, ao grupo socialista gustaríalles que este orzamento fose moito máis ambicioso e entre as propostas do seu grupo estaban as seguintes: que aparecese unha partida para a creación de tres prazas de policía locais, xa que os que hai actualmente é imposible que cubran as necesidades do concello. Gustaríalles que existise a creación dunha praza de arquitecto superior, xa que se xubilou o aparelador municipal, e Muros necesita un especialista en urbanismo, que só tivo cando o PSOE creou a oficina urbanística que tan cara lle pareceu a algúns, pero era a mellor sección do concello traballando e solucionado os problemas da veciñanza nesa area. Gustaríalles que aparecese unha partida para a dotación da Internet en todos os espazos públicos do municipio. Gustaríalles que aparecese unha partida para poder cubrir o saneamento de todas as parroquias, xa que quedan pendentes tanto redes principais como secundarias, en Torea, Tal e Abelleira, e partes de Muros. Gustaríalles que aparecese unha partida para poder dotar de servizos a todas as praias do municipio, con papeleiras, servizos, casetas de socorristas, etc. Gustaríalles que aparecese unha nova partida para poder renovar o servizo de transporte adaptado, que tanto lles custou poñer en funcionamento. Un piar para o noso concello é o turismo, e cada vez máis, polo que tamén propuxemos a creación de polo menos un técnico en turismo, un guía turístico que prestase servizo todo o ano, xa que aspiramos a que o turismo se desestacionalice e recibamos xente todo o ano, e mais coa posta en valor do Camiño inglés e poder atendelos como se merecen. Pero como xa indicamos ao principio, son conscientes de que é moi difícil polo momento, pero debemos seguir traballando todos e todas nestas e outras moitas propostas para o noso municipio. Di que o PSOE foi unha parte importante na confección destes orzamentos, e que o PP atendeu parte das nosas peticións que aparecen neste documento.

A clasificación do grupo do GES como grupo III, así como o compromiso do pagamento dos seus trienios, e atrasos deixados de abonar polo anterior goberno.

Tamén consta no orzamento unha mellora nas partidas de servizos sociais, e axuda a domicilio, que lles parece fundamental, ademais das cantidades recibidas xa con cargo á Deputación da Coruña.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Aparece unha partida de 50.000 euros co compromiso de reclamar a conta da débeda á empresa Espina & Delfin, ademais de regularizar a situación, reclamar o abono das débedas que ten coa Mancomunidade de Augas e por tanto co noso municipio, como consecuencia da obrigatoriedade do pagamento do canon, que constaba no contrato que tiña coa Mancomunidade e deixou prexudicar o goberno de CxG.

Tamén consta unha partida para a humanización da rúa principal do conxunto histórico de Muros, que comprenda a continuación do empedrado, así como a colocación de papeleiras que non existe, o soterrado do resto dos cables, que aínda quedan ao aire, así como o peche ao tráfico de vehículos por toda a rúa, sen prexuízo de reservar un horario para carga e descarga e por suposto para servizos de emerxencia e para a utilización dos poucos garaxes que existen nela. Está foi unha proposta do noso grupo e que está aprobada no pleno. En investimentos aparecen as obras propostas no POS que foron por consenso.

E sobre os informes do Sr. interventor sinala que todos son desfavorables, e indícalle ao equipo de goberno a necesidade de confeccionar un plan económico financeiro, ademais doutras recomendacións que deberán cumprir durante a execución do deste orzamento”.


Intervén polo grupo municipal CXG a súa voceira dona María Xosé Alfonso Torres que di o seguinte:

“Sinala que nesta primeira intervención só vai facer unha pregunta, e que falará na segunda intervención, di que na mesa de negociación do persoal díxolle aos/ás traballadores/as que nos presupostos hai dotación económica para a RPT, polo que pregunta en que parte do orzamento se encontra esa dotación”.

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira dona María Lago Lestón que di o seguinte:

“Antes de nada quere facer un inciso e contestarlle a señora portavoz do PSOE que o anterior goberno do BNG aprobou orzamentos, rógalle que non minta.

A aprobación do orzamento municipal é unha cuestión de vital importancia, máis aínda na situación financeira na que se atopa o noso concello, e dende o BNG veñen insistindo neste tema dende o primeiro día en que tomaron posesión da súa acta.




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Foron conscientes dos graves problemas cos que Muros se atopa dende o primeiro día que presentaron a nosa candidatura municipal, e que sacar un proxecto de esta envergadura precisaría de moitísimo traballo, esforzo e vontade de entendemento entre os distintos grupos que conforman a corporación. Sempre amosaron vontade de construír e colaborar para poder sacar a este concello noso do atranco no que estaba metido, a pesar das súas diferenzas políticas, nunca puxeron unha soa traba para que puidesen facer o seu traballo e regularizar a situación municipal. Aínda que agora a Sra. alcaldesa negue a súa colaboración.

Non agardaban que se presentase neste ano un proxecto de orzamentos con grandes inversións municipais, pois como xa dixeron, a situación non é propicia para isto, e probablemente coinciden na análise de que é preciso sentar as bases a partir das que poder traballar. Aínda así, a pesar de que un orzamento é un proxecto especialmente técnico, a dirección na que se establecerá será política, e como tal, contando o grupo de goberno con 4 actas das 13 que conformamos a corporación municipal, traer a súa aprobación á sesión plenaria sen chamar unha soa vez á oposición para escoitar as súas propostas parécelles unha temeridade, por moito que queira trasladar, xa de antemán, a culpa á oposición, se os seus números non teñen luz verde no pleno. Xa deixaron de manifesto o acordo existente entre PSOE e PP, algún día deberán explicarllo aos seus votantes.

En ningún momento o seu grupo municipal foi chamado a unha negociación, aínda así, e por responsabilidade co pobo ao que representan e respectan, de traeren aquí un proxecto que cumprise cos obxectivos que a este orzamento se lle piden, reflectir a situación económica real do concello para poder traballar sobre ela, estarían dispostas a absterse e facilitar a súa aprobación. Como xa dixeron, un orzamento ten un importante carácter técnico, e neste caso entenden que é o que debían cumprir. Pola contra, presentan un proxecto de orzamentos que conta, non con un, senón cos tres informes de intervención desfavorables, e cita textualmente:

“Informe de Intervención núm. 80/2021 Informe económico financeiro do proxecto de Orzamento municipal do Concello de Muros para o ano 2021. “Debe finalmente concluírse, a luz dos datos anteriores, que o proxecto de Orzamento do Concello de Muros para o ano 2021 incumpre o principio prudencia na valoración dos activos, incorpora necesidades de financiamento equivalentes ao 2,50 por cento dos recursos ordinarios orzamentados por



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


operación non financeiras, arroxa un límite do gasto non financeiro (teito do gasto) superior aos recursos non financeiros e preséntase sen nivelación real e efectiva do 6,42 por 100 dos créditos iniciais.”

“Informe de Intervención núm. 81/2021 Proxecto de Orzamento municipal, Bases de execución e cadro de persoal para o ano 2021 do Concello de Muros (conxunto expediente núm. 2/2021 de recoñecemento extraxudicial de créditos). “(38) En relación co recoñecemento extraxudicial de créditos contido no estado de gastos, formulase reparo suspensivo da tramitación dos expedientes por falta de dotación orzamentaria no exercicio de realización do gasto (artigo 216.2.a. do RDL 2/2004, do 5 de marzo, TR da LRFL), sendo competencia do Pleno a súa resolución executiva, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do TR da LRFL e no artigo 15.2. e 3. do RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se aproba o regulamento do réxime xurídico de control interno das entidades locais.”

(39) En atención aos fundamentos de feito e de dereito, esta Intervención informa desfavorablemente o Orzamento municipal do ano 2021 do Concello de Muros, en canto afecta á falta de nivelación efectiva por sobrevaloración dos ingresos en 503.153,78 euros e por incorporar un desaforro neto de 502.874,80 euros.”

Informe de Intervención núm. 82/2021 Avaliación do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria referido ao proxecto de Orzamento municipal para o ano 2021 do Concello de Muros (conxunto expediente núm. 2/2021 de recoñecemento extraxudicial de créditos). “(8) O Orzamento que se presenta para a aprobación incumpre o principio de estabilidade orzamentaria e incorre en desequilibrio ao incorporar un déficit de financiamento que, se ben non vai comportar efecto algún respecto da aplicación das medidas automáticas de prevención e coercitivas previstas nos artigos 18 ao 21 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, pon de manifesto un importante desequilibrio que, unha vez que quede sen efecto a suspensión das regras fiscais, e sempre que non se adopten medidas correctivas, obrigan a aplicar profundos axustes no curto prazo a través da aprobación do preceptivo Plan Económico Financeiro.

(9) Como consecuencia do anterior o límite do gasto non financeiro do Orzamento municipal para o ano 2021, non é congruente co principio de estabilidade ao aprobarse nunha contía que recolle un financiamento sobrevalorado de recursos.




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

É dicir, presentan un proxecto que incumpre tacitamente os principios de cautela e estabilidade orzamentaria, sen nivelación financeira efectiva, que non reflicte o aforro real, e que obrigará, a curto prazo, a ter que adoptar, outra vez, medidas financeiras que deberán ser aprobadas no Pleno. Nunha entrevista á Sra. alcaldesa que saíu en prensa, dicía sobre este proxecto que “Se non se aproba, teño que dicir que nós fixemos o traballo, agora nas mans do resto da Corporación está sacalo adiante ou non”, vostedes non fixeron o traballo, o documento que vostedes presentan recorda ao estudantado que se presenta a un exame sen estudar a ver se soa a fruta, a súa responsabilidade como oposición é pedirles que sigan traballando nel, e volvan cando, polo menos, conten cos informes favorables de Intervención”.

Volve intervir a Sra. Alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que quere insistir no agradecemento ao grupo socialista, se pediron moitas cousas que non se puideron atender todas, pero as súas achegas foron positivas para a elaboración deste documento e para que poidan seguir traballando. Tamén di que a Sra. Alfonso fai unha pregunta que tiña que ter feito na comisión informativa, polo que coma sempre vai un pouco a destempo. E en canto á intervención da Sra. Lago di que debería ler os informes completos e non só a parte que lle interesa. E dá paso ás segundas intervencións.

A voceira do grupo municipal socialista, a Sra. González di que Muros necesita un orzamento, que non é o mellor que puideran ter e que ten grandes carencias é verdade, pero o grupo socialista considera que todo concello debe ter un orzamento económico, pois é o documento que guía a función do goberno, é a chave que nos abre o camiño ás distintas institucións e permítenos poder acceder a subvencións e axudas diversas, moi necesarias para Muros, e non podemos seguir así, por iso van apoiar este orzamento, porque dende o grupo socialista están convencidos de que é fundamental un orzamento municipal, e pedimos ao grupo de goberno a máxima dilixencia na súa execución, a veciñanza de Muros vai notar por fin que Muros ten un presuposto.

A voceira do grupo municipal de CXG, a Sra. Alfonso di que a Sra. Alcaldesa sabe vender ben o que non fai, que había que sacar adiante acordos, pero só co grupo socialista, e nin o BNG nin a CxG chamou ningunha vez para acordar os presupostos. Di que vou a destempo porque non preguntei na comisión informativa, e indica que ela non está nesa comisión, mais en calquera caso, como habitualmente sucede, non contesta. Na certificación dixo que




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

hai dotación orzamentaria para a RPT, pero resulta que nos orzamentos, non hai dotación para as 3 prazas vacantes da policía local, cando tanto lles preocupou a vostedes e á portavoz do grupo socialista, e naquela ocasión non se podía contratar a ninguén, e neste momento son xubilacións, e si se poden cubrir. Indica que a Sra. alcaldesa na súa intervención dixo que era necesario aprobar este orzamento porque fai moi difícil as xestións, pero isto non so lle pasa ao actual goberno, xa que CxG tiña que facer o que fora para solucionar estes problemas burocráticos. Volve dicir que non os chamou nin unha soa vez para sacar adiante os presupostos e que mandou fai máis dun ano unhas bases de execución para os orzamentos do 2020 e fixeron as súas achegas pero foron ignorados xunto ao BNG xa que co grupo socialista xa arranxaba. Indica que na memoria explicativa do orzamento, a Sra. alcaldesa di que estes deben ser marco de partida para próximos presupostos, pero estes non recolle a dotación para a RPT, tampouco que as Carrilanas fosen recoñecidas Festa de interese turístico nacional, tampouco hai unha partida para o transporte adaptado nin para a Ría da Estrela. E di dos informes de Intervención que os explicou moi ben a portavoz do BNG, tres informes de Intervención desfavorables, nos que hai cuestións de no medio dos textos como que son orzamentos impugnables. Di que lles gustaría moitísimo que se puideran aprobar uns orzamentos decentes, gustaríalles moitísimo poder participar na elaboración dos orzamentos, pero decidiu ignorar ao BNG e a CxG. Polo que por iso, e polos informes de Intervención van apoiar esta proposta.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG, a Sra. Lago que di que leron os informes completos, e que en cada apartado queda reflectida a gravidade de aprobar estes orzamentos, e di que non os vai ler porque son moi extensos, pero que non estaría de máis que os fíxese públicos. Di que nada lles gustaría máis como BNG e como veciñas de Muros que apoiar uns bos orzamentos, pero con isto éelles imposible.

Intervén A Sra. Alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero que di que ela si vai ler os informes. E di o seguinte:


“O Informe núm. 80 económico financeiro comeza facendo unha serie de observacións previas sobre a problemática que, a xuízo do Sr. Interventor, existen na estrutura administrativa do concello. Fai mención tamén a falta de aplicación dos principios reitores da contratación pública, e finalmente apela ao criterio de prudencia que preside as súas estimacións, indicando que nalgún caso as bases utilizadas para a determinación dos



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

gastos e ingresos teñen como finalidade, dende o seu punto de vista, garantir a mera nivelación do orzamento. Seguidamente analiza as bases empregadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles, a efectiva nivelación do orzamento e o principio de estabilidade orzamentaria, para concluír que o proxecto incumpe o principio de prudencia na valoración de activos, incorpora necesidades de financiamento equivalentes ao 2,50% dos recursos ordinarios orzamentados, arroxa un teito de gasto superior aos recursos non financeiros e preséntase sen nivelación real e efectiva do 6,42% dos créditos iniciais. Os problemas na estrutura administrativa do concello non son unha cousa nova, nin tampouco algo que se poida amañar de hoxe para mañá, como tamén recoñece o Sr. Interventor. A falta de procesos de contratación é digamos unha cuestión endémica en moitas administracións locais, que non contan nin con persoal nin con recursos para proceder á elaboración de pregos e procedementos de contratación. Como xa indicou con anterioridade os orzamentos que manexan non teñen en conta a Lei de contratos, porque esta non existía cando se fixeron aqueles. Dende a Alcaldía en numerosas ocasións, se teñen ordenado providencias aos reparos suspensivos, a fin de que se regularizasen as situacións postas de manifesto nos reparos, pero sen medios humanos e técnicos é laborioso e levará o seu tempo.

En canto ás bases empregadas para a avaliación dos ingresos estima, no capítulo 1 de impostos indirectos, unha sobrevaloración de 11.328,14 euros no IAE, no capítulo 3 estímense sobrevalorados os ingresos da piscina nun importe de 90.852,00 euros, na partida 420.80 estima unha sobrevaloración de 400.973,64 euros. En definitiva estima unha sobrevaloración en ingresos de 503.153,78 euros. O primeiro que teñen que indicar a este respecto é que as regras fiscais están en suspenso, e o segundo é que na liquidación do exercicio 2020, último de referencia, as transferencias correntes previstas eran de 2.671.798,89 euros, e os dereitos netos recoñecidos ao final do exercicio foron 3.916.853,26 euros, un incremento polo tanto de máis de 1.245.000 euros. Este notable incremento fixo posible que o resultado orzamentario do exercicio fose positivo en 435.582,82 euros, cando o resultado orzamentario do 2019 foi negativo en 105.761,56 euros. A previsión que facemos para este ano neste concepto é inferior aos dereitos netos do exercicio pasado, nunha estimación que consideramos cautelosa.




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

O Informe núm. 81 do Proxecto de orzamento, bases de execución, cadro de persoal e REC2/2021 di que a exposición e conclusións deste informe conlevan a que dende a Intervención se informe desfavorablemente o orzamento unicamente no relativo á sobrevaloración de ingresos de 503.153,78 euros, na partida de transferencias correntes do capítulo 4 de ingresos, se atendemos ás conclusións e pronunciamento do servizo de Intervención. As estimacións de ingresos indica o Sr. interventor que seguen o principio de prudencia, excepto nos ingresos previstos por IAE, piscina e transferencias. Insisten no xa indicado respecto do informe anterior, a suspensión das regras fiscais, a adecuación dos ingresos previstos aos reais de exercicios pasados, a existencia de compromisos para que os concellos accedan a recursos como os fondos europeos e a liquidación do IVE pendente aos concellos, unha cuestión na que inciden reiteradamente organismos como a FEGAMP, indícanos que a nosa previsión, inferior ao realizado o pasado exercicio, é posible. Insisten, esa estimación está baseada nos dereitos recoñecidos netos do exercicio 2020.

O Informe núm. 82 de Avaliación do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria despois dunha breve análise o informe conclúe que o orzamento incumpre o principio de estabilidade orzamentaria e incorre en desequilibrio ao incorporar un déficit de financiamento, recoñecendo que non ten efectos pola suspensión das regras fiscais. Advirte que unha vez que quede sen efecto esta suspensión e sempre que non se adopten medidas correctivas, será preciso a aprobación dun plan económico financeiro.


Como goberno non descartan en absoluto cumprir o principio de estabilidade para este exercicio, as previsións para o exercicio 2020 eran bastante peores, e finalmente o resultado orzamentario foi positivo en máis de 400.000 euros. Na documentación do orzamento presentouse un avance da liquidación do exercicio 2020. Coa información que proporciona ese avance e os informes de liquidación do orzamento para o exercicio 2020 (informes 83 e 84) vemos que o remanente de tesourería para gastos xerais é de 1.057.125,96 euros, que, como indica o sr interventor, pon de manifesto a capacidade de xeración de recursos



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

agregados do exercicio, e constitúe unha fonte de financiamento de novos ou maiores gastos no exercicio seguinte. Este superávit considéraseo suficiente para atender o conxunto do saldo de obrigas pendentes de pago e de compromisos de gasto de exercicios futuros. Respecto do ano 2019 supón unha mellora, cun incremento da capacidade de financiamento que practicamente duplica a do ano anterior. Considera tamén nese informe que a posición financeira a curto prazo segue sendo estable e saneada, cun fortalecemento respecto do exercicio 2019 debido ao aumento dos fondos líquidos. As tendencias que se detectan no exercicio 2020 son tres e de moita importancia: aumento relevante dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes, mantemento dos recursos dos capítulos 1 a 3 do estado de ingresos, e un aumento moi relevante de 609.558,45 euros nas transferencias correntes do capítulo 4, que é precisamente o cap. que considera sobrevalorado no orzamento do 2021, e un aumento tamén importante das obrigas recoñecidas netas por operacións correntes, de 371.835,35 euros. A acción conxunta destas tres tendencias produce un efecto positivo sobre o aforro bruto e neto, pasando este último de 377.658,62 euros no 2019 a 620.977,25 no 2020. Tamén no relativo a conta 413, na que se contabilizan os gastos feitos sin consignación orzamentaria, se notou melloría respecto do exercicio 2019, cun descenso do 22,20%, o que afecta ao principio de estabilidade orzamentaria. As conclusións do informe indican que en termos económico-financeiros a situación da entidade ofrece unha fortaleza a curto prazo derivada esencialmente polo aumento no exercicio dos dereitos recoñecidos netos. Por outra banda, o informe sobre avaliación do principio de estabilidade orzamentaria, débeda pública e sostibilidade financeira referido á liquidación do 2020 (informe 84) indica que o concello no ano 2020 cumpre o principio de estabilidade orzamentaria (superávit), cumpre o límite de débeda e cumpre o pago a provedores no ultimo trimestre.

E esa é a senda que queren seguir, queren seguir dialogando e buscando consensos, coa veciñanza e coas súas representacións, que sodes vos, queren chegar ao ano que vén nunha situación que permita planificar un futuro para o noso concello. Puidestes ver nestes meses que van xurdindo iniciativas, que hai promotores valentes, que cun pouco de impulso



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

poden avanzar cara a un futuro, non poden desperdiciar as oportunidades que teñen, e por iso, porque é necesario, piden que non se opoñan á aprobación deste orzamento”

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4) e os votos en contra do grupo municipal CXG (3) e do grupo municipal do BNG (2) adopta o seguinte acordo:

Formado pola Alcaldía o Proxecto de Orzamento municipal do 2021 e as súas Bases de Execución e contendo a documentación exixida polo artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en concordancia co 18 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.


Incluídos nos créditos iniciais do estado de gastos como recoñecemento extraxudicial por gastos realizados en exercicios anteriores sen consignación orzamentaria por importe de 928,52 euros, e considerando a doutrina xurisprudencial do enriquecemento inxusto recollida na sentenza do 12 de decembro de 2012 da sala do contencioso-administrativo do Tribunal Supremo.

Elaborado o cadro de persoal de acordo co establecido no artigo 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, e na disposicións transitoria segunda do RD 861/1986, do 25 de abril.

Sometido o capítulo 1 de gastos de persoal á negociación preceptiva ante a Mesa de Negociación do Concello de Muros na sesión celebrada o 21/04/2021, de conformidade coa xurisprudencia do Tribunal Supremo e co establecido nos artigos 33 e 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Formulada a memoria da Alcaldía que contén as modificacións máis importantes respecto do orzamento vixente no ano 2020.

Emitido, ao amparo do establecido no artigo 168.1.e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, informe económico–financeiro de Intervención núm. 80/2021 do 19/04, no que expoñen as bases empregadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

Emitido o informe de Intervención núm. 81/2021 do 16/04 ao amparo do disposto no artigo 4.1. do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional, así como o informe núm.82/2021, do 26/04 sobre a avaliación do cumprimento do principio de estabilidade.

Formulado pola Intervención municipal reparo suspensivo da tramitación do expediente do 26/04/2021 en relación co recoñecemento extraxudicial de créditos contido no proxecto do orzamento.

Apreciada, unha vez emitidos os informes preceptivos, unha incorrecta imputación no estado de ingresos por importe de 50.000,00 euros correspondentes ao canon de concesión do abastecemento de auga á empresa Espina y Delfín.

Formulada a proposta da Alcaldía de conformidade co disposto no artigo 124.2. do RD 2568/1986, do 28 de novembro, en relación co artigo 168.4 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, ante a comisión informativa de persoal, economía e facenda.

Ditaminado o asunto pola comisión informativa correspondente


O pleno da corporación adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar o límite do gasto non financeiro para o exercicio 2021 (teito do gasto), quedando fixado en 7.737.078,33 euros.

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o Orzamento xeral do Concello de Muros (A Coruña) e as súas bases de execución para o exercicio 2021, sen déficit nin superávit inicial, sendo os seus Estados de Gastos e Ingresos resumidos por capítulos os seguintes:


ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Expresión	Crédito Inicial (€)
----------	-----------	---------------------



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

1	Gastos de persoal	3.968.148,43
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.758.038,75
3	Gastos financeiros	50.641,19
4	Transferencias correntes	899.965,82
	Total operacións correntes	6.676.794,19
6	Investimentos reais	1.060.284,14
7	Transferencias de capital	0,00
	Total operacións de capital	1.060.284,14
	Total operacións non financeiras	7.737.078,33




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

8	Activos financeiros	12.000,00
9	Pasívos financeiros	83.215,09
	Total operacións financeiras	95.215,09
	TOTAL ESTADO DE GASTOS	7.832.293,42


ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Expresión	Crédito Inicial (€)
1	Impostos directos	2.088.925,68
2	Impostos indirectos	100.000,00
3	Taxas e outros ingresos	897.797,28
4	Transferencias correntes	3.730.058,34
5	Ingresos patrimoniais	8.800,68



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

	Total operacións correntes	6.825.581,98
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	722.340,10
	Total operacións de capital	722.340,10
	Total operacións non financeiras	7.547.922,08
8	Activos financeiros	12.000,00
9	Pasívos financeiros	272.371,34
	Total operacións financeiras	284.371,34
	TOTAL ESTADO DE	7.832.293,42




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

	INGRESOS	
--	-----------------	--

TERCEIRO. Co obxecto de manter a integridade dos estado de gastos e ingreso do proxecto do orzamento municipal para o ano 2021 e non demorar a súa aprobación, na aplicación 420.80 do estado de ingresos deben entenderse incluídos recursos derivados da reclamación do canon de concesión do abastecemento de auga a empresa Espina y Delfín por importe de 50.000,00 euros, procedendo a súa imputación no capítulo 5 dos dereitos recoñecidos que eventualmente se liquiden.


CUARTO. De acordo co disposto no artigo 21.6. do RD 500/1990, do 20 de abril, anular, por estar incluídas nos créditos e previsións iniciais do Orzamento municipal do 2021, as seguintes modificacións orzamentarias realizadas sobre o Orzamento do 2015 prorrogado:

Tipo de modificación	Nº expediente	Finalidade	Importe
Xeración de créditos	7-1/2020-XC	Dotación ano 2021. Obras Camiño Matobello -Serres	15.692,50
Tipo de modificación	Nº expediente	Finalidade	Importe
Xeración de créditos	7-3/2021-XC	Posta en valor zonas Monte e Lagoa de Louro	1.395,00
Xeración de créditos	7-4/2021-XC	Programa de integración laboral	92.000,00



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

		PEL-Concellos 2021	
Xeración de créditos	7-5/2021-XC	Acondicionamento do aparcadoiro público rúa do Cabo	45.015,90
		Total xeracións de crédito	154.103,44
Transfer. de crédito	7-1/2021-TC	Rehabilitación do antigo cine París para C.Cultural 1ª	24.610,36
Transfer. de crédito	7-3/2021-TC	Fomento do emprego subvencións autónomos	50.000,00
Transfer. de crédito	7-4/2021-TC	Gastos financeiros por execución de sentenzas	12.480,00
Transfer. de crédito	7-5/2021-TC	Contratación persoal laboral temporal SAF	37.787,01
Transfer. de crédito	7-6/2021-TC	Dotación para o expediente 1/2021 de	2.294,16




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

		R.E.C.	
		Total transferencias de crédito	127.171,53
		Total modificacións de crédito a anular	281.274,97

QUINTO. De conformidade co establecido no artigo 73.3. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, aprobar con cargo ao crédito inicial da aplicación 21/912.48900 unha dotación económica anual para os distintos grupos políticos por importe de 8.800,00 euros con arranxo á seguinte distribución:

Grupo político	Nº Concelleiros/as	Parte fixa € (40 %)	Parte variable € (60 %)	Total asignación económica
PP	4	880,00	1.624,62	2.504,62
PSdeG/PSOE	4	880,00	1.624,62	2.504,62
CxG	3	880,00	1.218,46	2.098,46
BNG	2	880,00	812,30	1.692,30
TOTAL.....	13	3.520,00	5.280,00	8.800,00



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

--	--	--	--	--

A disposición, xestión, destino e xustificación das anteriores cantidades sométense ás normas previstas na Base 40^a das Bases de execución do orzamento.

SEXTO. Resolver o reparo formulado pola Intervención municipal do 26/04/2021, deixando sen efecto o seu carácter suspensivo, e por conseguinte, aprobar o expediente núm. 2/2021 de recoñecemento extraxudicial de créditos incluído no Orzamento municipal do 2021, recoñecer obrigas a favor do seguinte terceiro acredor e aprobar a seguinte liquidación.


- Liquidación núm. 1172 do 27/02/2020 emitida polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar (CIF S1500072B) por importe de 928,52 euros en concepto de achega municipal ao servizo de Xantar na Casa do período outubro/décembro do 2020.

Condicionar a eficacia deste punto á existencia de dotación orzamentaria adecuada e suficiente, e por conseguinte, a executividade do acordo de aprobación do Orzamento municipal para o ano 2021.

SÉTIMO. Aprobar o cadro de persoal, do exercicio 2021, tramitado conxuntamente co Orzamento municipal.

OITAVO. De conformidade co disposto no artigo 169 do Real Decreto Legislativo, 2/2004, do 5 de marzo, proceder á exposición pública deste acordo por un prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales as persoas interesadas poderán examinar o expediente e formular ante o Pleno as reclamacións que estimen oportunas.

NOVENO. Este acordo entenderase definitivamente aprobado no caso de non formularse reclamacións durante o prazo de exposición público. En caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas. O acordo definitivo entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOP.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

E sen máis asuntos que tratar a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte horas e corenta minutos, de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria xeral

Documento asinado electronicamente